

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	6 de maio de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 20:33 ata as 22:02 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURÁN	SÍ
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
██████████	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
██████████	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
██████████	IVÁN MANUEL SANMARTÍN EIRÍN	SÍ
██████████	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS	SÍ
██████████	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
██████████	JUAN CARLOS GONZÁLEZ BARCIA	SÍ
██████████	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	SÍ
██████████	LUCÍA SEOANE ROSENDE	SÍ
██████████	LUIS LÓPEZ BUENO	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





██████████	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
██████████	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
██████████	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
██████████	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
██████████	MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
██████████	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ
██████████	PATRICIA CARRACEDO DURÁN	SÍ
██████████	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, quen, antes de proceder á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día, cede a palabra ao voceiro do grupo do Partido Socialista para que proceda a trasladar unha cuestión que nos afecta a todos/as, sendo importante facer un sentido homenaxe a unha persoa que non está xa con nós.

Intervén **D. Luis López Bueno**, para dicir que nestas últimas semanas o Partido Socialista e este Concello da Estrada sufriron a perda dunha persoa que adicou parte da súa vida á política local, estamos a falar de D. MANUEL OTERO ESPIÑO, compañeiro de moitos dos que compoñemos esta corporación, formando parte da corporación deste Concello dende o ano 1991; un home que nos deixa un grato recordo, querido por todos os veciños e veciñas da Estrada ao igual que foi unha persoa disposta a axudar a todo o mundo, sen esquecer que exerceu como mestre de centos de xeracións de estradenses, alumnos/as que seguramente gardan un grato recordo de “Martís”, tal como o alcumaban.

Polo dito, e en recoñecemento ao noso compañeiro D. Manuel Otero Espiño, pide que se garde un minuto de silencio na súa memoria e recordo.

O **Sr. Alcalde** pide que conste en acta as palabras do voceiro do grupo socialista, ás que se suman o resto dos grupos políticos municipais, xa que estamos ante a perda dunha persoa que deixou unha pegada imborrable en todos aqueles que o coñeceron, pola súa xenerosidade, carisma e dedicación ao servizo público; polo que sirva este minuto de silencio como homenaxe de recoñecemento a esta persoa tan querida por todos.

(GÁRDASE UN MINUTO DE SILENCIO EN HOMENAXE DE D. MANUEL OTERO ESPIÑO)

A continuación, procédese a tratar e deliberar os asuntos incluídos na orde do día da sesión:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5ZPRWFVWZZ9RC637J6DRS297 | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 19



## **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 8 DE ABRIL DE 2021**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 8 de abril de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

## **EXPEDIENTE 1599/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO POLITICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA A DEFENSA DA PERMANENCIA DO SERVIZO PÚBLICO DE CORREOS EN A ESTRADA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, **D. Alberto M Blanco Carracedo**; quen procede a expoñer a moción presentada con data 09/04/2021 e que se transcribe a continuación:

*“Nun contexto como o actual, o servizo postal prestado por Correos xoga un indubidable papel para contribuír á cohesión social, territorial e económica do país, tanto a nivel estatal, como autonómico e especialmente no ámbito municipal, percorrendo e atendendo diariamente todas as localidades e municipios do Estado, garantindo a prestación dun servizo público á cidadanía, empresas e administracións na totalidade dos núcleos de poboación, á marxe da súa rendibilidade económica.*

*Os datos pñeno en valor: máis de 8.000 municipios atendidos, 16 millóns de fogares, 3,2 millóns de empresas (máis do 99% son pemes) e un total de 7.100 puntos de atención no ámbito rural (carteiros/ as rurais e oficinas) e máis de 100.000 quilómetros diarios.*

*Os Servizos Postais, declarados durante o estado de alarma como servizos esenciais e recoñecidos como un elemento de vertebración e cohesión territorial, son un valor arraigado na vida social dos municipios desde a prestación dun Servizo Público, contribuíndo ao desenvolvemento económico dos mesmos, facilitando e dando accesibilidade ao dereito de cidadáns/ as, comercios, empresas e administracións a dispoñer dun servizo postal a prezo alcanzable e de calidade. Pero coas actuais políticas estratéxicas e de xestión da Dirección de Correos este dereito está a limitarse.*

*Concretamente na localidade da Estrada, a empresa SAE Correos e Telégrafos S.A., S. M.E. decidiu suprimir 3 postos de traballo (dous servizos rurais e unha repartición urbana).*

*Así mesmo, tivemos coñecemento que a empresa pública está a levar a cabo un recorte na contratación que está a deixar sen cubrir o emprego estrutural así como os permisos e calquera tipo de ausencia dos traballadores e traballadoras.*

*Como consecuencia desta decisión, con toda seguridade, os servizos de distribución postal prestados ata o de agora nestas unidades de repartición baixarán a súa calidade drasticamente, co consecuente prexuízo para os cidadáns/ as e empresas da comarca.*

*Igualmente manifestamos que esta decisión adóptase sen consulta ou información por vía*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5ZPRWFVWZZZ9RC637J6DRS297 | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 19

*algunha á Administración Local deste municipio, polo que descoñecemos os motivos polos que se adopta, e ademais non se lle deu ocasión de poder ser escoitada a pesar de afectar directamente os intereses dos cidadáns/ as aos que lexitimamente representamos.*

*A actual Lei Postal e outras normas dependentes recoñecen sen lugar a dúbida que:*

- *Todos os usuarios remitentes ou destinatarios de envíos postais teñen dereito a un servizo postal universal de calidade prestado de forma permanente, en todo o territorio nacional e a prezos alcanzables, polo menos cinco días á semana, conforme á normativa europea e nacional de aplicación.*
- *O alcance e a prestación efectiva do servizo postal universal deberán responder os principios de cohesión social e territorial, non discriminación por razón de calquera circunstancia ou condición persoal, social ou xeográfica, continuidade, eficacia e eficiencia no servizo, e deberá adecuarse permanentemente ás condicións técnicas, económicas, sociais e territoriais e ás necesidades dos usuarios, en particular en materia de densidade de puntos de acceso e de accesibilidade aos mesmos, sen menoscabo da súa calidade.*

*Polo exposto, o Pleno do Concello da Estrada, a través desta MOCIÓN,*

**REQUIRE A:**

*-A SAE CORREOS E TELEGRAFOS, S. M.E.*

*-Á SOCIEDADE ESTATAL DE PARTICIPACIÓNS INDUSTRIAIS ( SEPI)*

*-Ao MINISTERIO DE FACENDA*

*-Ao MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD E AXENDA URBANA*

*-E ao GOBERNO DA NACIÓN*

*para que adopten as seguintes medidas, que entendemos necesarias para garantir a prestación dos servizos postais e a súa permanencia neste Municipio da Estrada:*

*1ª.- Afrontar diligentemente a cobertura dos postos estruturais suprimidos na Unidade de Reparto da Estrada necesarios para ofrecer un servizo de calidade á cidadanía.*

*2ª.- Manter a calidade das condicións laborais, garantindo un persoal con suficientes traballadores e traballadoras que permita as correspondentes substitucións por enfermidade, permisos ou vacacións.*

*3ª.- Garantía dos compromisos de financiamento que permitan na nosa localidade, cumprindo os parámetros de calidade determinados por Lei, o correcto desempeño da prestación dos servizos postais, e asegurando que todos os cidadáns reciban a repartición de correspondencia 5 días á semana como manda a Directiva Postal europea.*

*Darase traslado deste acordo ao Goberno da Nación e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados, á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, á Sociedade Estatal de Participacións Industriais ( SEPI), ao Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana e ao Ministerio de Facenda.”*

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen quere facer constar as seguintes puntualización aos acordos contidos na moción, o primeiro deles fai





referencia á palabra de "suprimidos" no punto 1º, xa que non é mesmo dicir que os postos foron suprimidos a que estean vacantes, polo que propón que esta palabra sexa substituída pola de "vacantes". A segunda puntualización é que deberíase substituír no parágrafo final a expresión "Goberno da Nación" pola de "Goberno do Estado".

Continúa dicindo que pediu información sobre as prazas vacantes, e se lle informou que se fixeron catro mil contratacións para o servizo de correos no ano 2020 para ofrecer un servizo máis actualizado, pero, aínda así, considera que débese ofrecer un mellor servizo no rural, sendo importante que esas vacantes sexan cubertas con persoal fixo do propio Correos, xa que de non facelo así eses servizos serán asumidos por empresas privadas que buscarían a rendibilidade dos seus negocios mediante a diminución da calidade dos servizos ou ben precarizando a calidade de vida dos traballadores. Polo dito, o seu grupo vai a votar a favor desta moción co fin de que na Estrada continuémos contando con este servizo e coa calidade que esixe a normativa que o regula.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar o voto a favor desta moción por considerar que é necesario reforzar o servizo de correos, sobre todo nas zonas do rural se queremos fixar poboación; sen embargo, fai a menos que o Partido Popular non adopte un posicionamento máis contundente a nivel nacional e autonómico non senso da prestación deste servizo no rural. Por outra banda lle gustaría que cando os grupos da oposición traian asuntos ou mocións que non afecten aos servizos de competencia municipal se teñan en conta e que non se rexeitaran aludindo a que, por ter membros dos partido correspondente noutros organismos superiores, non é de recibo tratalos aquí, porque considera que dende o Concellos é necesario anunciar e esixir servizos aínda que non sexan da súa competencia.

A voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, intervén para trasladar o seu voto a favor desta moción, porque o principal afectado sempre é o noso rural, xa que estamos a falar dun servizo moi importante, non só polo reparto do correo, senón tamén pola socialización, porque que os repartidores ofrecen moita axuda ás persoas maiores illadas ao longo do rural estradense. Por outra parte, xa sabemos que o servizo de paquetería soe prestalo grandes empresas como Amazon, o que vai e detrimento do servizo de Correos, sen embargo este non debería de empeorar nin precarizarse porque suporía un factor moi negativo para a nosa sociedade.

Non habendo máis intervencións, procédese a votar este asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo político municipal do Partido Popular con data 09/04/2021 (RE-E-RCIO-2), que se transcribe a continuación:

*"Nun contexto como o actual, o servizo postal prestado por Correos xoga un indubidable papel para contribuír á cohesión social, territorial e económica do país, tanto a nivel estatal, como autonómico e especialmente no ámbito municipal, percorrendo e atendendo diariamente todas as localidades e municipios do Estado, garantindo a prestación dun servizo público á cidadanía, empresas e administracións na totalidade dos núcleos de*



*poboación, á marxe da súa rendibilidade económica.*

*Os datos póneno en valor: máis de 8.000 municipios atendidos, 16 millóns de fogares, 3,2 millóns de empresas (máis do 99% son pemes) e un total de 7.100 puntos de atención no ámbito rural (carteiros/ as rurais e oficinas) e máis de 100.000 quilómetros diarios.*

*Os Servizos Postais, declarados durante o estado de alarma como servizos esenciais e recoñecidos como un elemento de vertebración e cohesión territorial, son un valor arraigado na vida social dos municipios desde a prestación dun Servizo Público, contribuíndo ao desenvolvemento económico dos mesmos, facilitando e dando accesibilidade ao dereito de cidadáns/ as, comercios, empresas e administracións a dispoñer dun servizo postal a prezo alcanzable e de calidade. Pero coas actuais políticas estratéxicas e de xestión da Dirección de Correos este dereito está a limitarse.*

*Concretamente na localidade da Estrada, a empresa SAE Correos e Telégrafos S.A., S. M.E. decidiu suprimir 3 postos de traballo (dous servizos rurais e unha repartición urbana).*

*Así mesmo, tivemos coñecemento que a empresa pública está a levar a cabo un recorte na contratación que está a deixar sen cubrir o emprego estrutural así como os permisos e calquera tipo de ausencia dos traballadores e traballadoras.*

*Como consecuencia desta decisión, con toda seguridade, os servizos de distribución postal prestados ata o de agora nestas unidades de repartición baixarán a súa calidade drasticamente, co consecuente prexuízo para os cidadáns/ as e empresas da comarca.*

*Igualmente manifestamos que esta decisión adóptase sen consulta ou información por vía algunha á Administración Local deste municipio, polo que descoñecemos os motivos polos que se adopta, e ademais non se lle deu ocasión de poder ser escoitada a pesar de afectar directamente os intereses dos cidadáns/ as aos que lexitimamente representamos.*

*A actual Lei Postal e outras normas dependentes recoñecen sen lugar a dúbida que:*

- Todos os usuarios remitentes ou destinatarios de envíos postais teñen dereito a un servizo postal universal de calidade prestado de forma permanente, en todo o territorio nacional e a prezos alcanzables, polo menos cinco días á semana, conforme á normativa europea e nacional de aplicación.*
- O alcance e a prestación efectiva do servizo postal universal deberán responder os principios de cohesión social e territorial, non discriminación por razón de calquera circunstancia ou condición persoal, social ou xeográfica, continuidade, eficacia e eficiencia no servizo, e deberá adecuarse permanentemente ás condicións técnicas, económicas, sociais e territoriais e ás necesidades dos usuarios, en particular en materia de densidade de puntos de acceso e de accesibilidade aos mesmos, sen menoscabo da súa calidade.*

*Polo exposto, o Pleno do Concello da Estrada, a través desta MOCIÓN,*

**REQUIRE A:**

**-A SAE CORREOS E TELEGRAFOS, S. M.E.**





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

- Á SOCIEDADE ESTATAL DE PARTICIPACIÓNS INDUSTRIAIS ( SEPI)
- Ao MINISTERIO DE FACENDA
- Ao MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD E AXENDA URBANA
- E ao GOBERNO DA NACIÓN

*para que adopten as seguintes medidas, que entendemos necesarias para garantir a prestación dos servizos postais e a súa permanencia neste Municipio da Estrada:*

*1ª.- Afrontar dilixentemente a cobertura dos postos estruturais suprimidos na Unidade de Reparto da Estrada necesarios para ofrecer un servizo de calidade á cidadanía.*

*2ª.- Manter a calidade das condicións laborais, garantindo un persoal con suficientes traballadores e traballadoras que permita as correspondentes substitucións por enfermidade, permisos ou vacacións.*

*3ª.- Garantía dos compromisos de financiamento que permitan na nosa localidade, cumprindo os parámetros de calidade determinados por Lei, o correcto desempeño da prestación dos servizos postais, e asegurando que todos os cidadáns reciban a repartición de correspondencia 5 días á semana como manda a Directiva Postal europea.*

*Darase traslado deste acordo ao Goberno da Nación e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados, á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, á Sociedade Estatal de Participacións Industriais ( SEPI), ao Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana e ao Ministerio de Facenda.”*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 12/04/2021.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

Requirir aos seguintes organismos:

- SAE CORREOS E TELEGRAFOS, S. M.E.
- SOCIEDAD ESTATAL DE PARTICIPACIONES INDUSTRIALES ( SEPI)
- MINISTERIO DE HACIENDA
- MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA
- GOBIERNO DEL ESTADO

para que adopten as seguintes medidas, que entendemos necesarias para garantir a prestación dos servizos postais e a súa permanencia neste Municipio da Estrada:

*1ª.- Afrontar dilixentemente a cobertura dos postos estruturais vacantes na Unidade de Reparto da Estrada necesarios para ofrecer un servizo de calidade á cidadanía.*

*2ª.- Manter a calidade das condicións laborais, garantindo un persoal con suficientes traballadores e traballadoras que permita as correspondentes substitucións por enfermidade, permisos ou vacacións.*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5ZPRWFVWZZ5RCC637J6DRS297 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 19



3ª.- Garantir dos compromisos de financiamento que permitan na nosa localidade, cumprindo os parámetros de calidade determinados por Lei, o correcto desempeño da prestación dos servizos postais, e asegurando que todos os cidadáns reciban a repartición de correspondencia 5 días á semana como manda a Directiva Postal europea.

Darase traslado deste acordo ao Goberno do Estado e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados, á Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, á Sociedad Estatal de Participaciones Industriales ( SEPI), ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana y al Ministerio de Hacienda.

**Expediente 1675/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN E SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E COA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE, PARA A CONCESION DE AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALERÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS A CAUSA DA COVID-19.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este punto o Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Promoción Económica, **D. Óscar Durán Barros**, quen comenza aclarando que a sinatura deste Convenio permitirá axilizar a tramitación da concesión der axudas directas á nosa hostalería, un dos sectores máis prexudicado polo COVID-19. Informa que se tratan de axudas directas de 1.000 euros cada unha e dirixidas aos 103 solicitantes e, mediante este Convenio, permítese que o Concello da Estrada a súa tramitación, o que se traduce en máis rapidez e máis dilixencia de cara aos beneficiarios.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que, ao tratarse dun acordo marco, non vai a entrar no fondo do asunto, se embargo quere apuntar dúas cuestións, a primeira é que celebra o cambio de postura do grupo de goberno, porque leva un ano negándose a entregar axudas directas aos nosos hostaleiros e demais tecido empresarial afectado, e, a pesares de que estaba de acordo con algúns dos argumentos dados no seu momento, non así cando estamos a falar dun Concello que manexa un orzamento de vinte millóns ao ano, non entendendo o por que non aprobou a proposta do grupo socialista de aprobar un plan de medidas económicas con motivo da pandemia e consistentes nunha pequena liña de axudas para os comerciantes e hostaleiros do noso municipio. En segundo lugar considera que a contía de mil euros non é suficiente, polo que se debería de artellar outra serie de instrumentos por parte da administración municipal para redobrar esa cantidade e sexa así máis operativa. Ademais di que unha das iniciativas da Xunta de Galicia para apoiar ao comercio son os bonos “activa comercio”, lembrando que este grupo de goberno foi un dos primeiros que tiveron unha proposta semellante enriba da mesma, sen embargo, no seu momento, negouse a debatela a pesares de que se lle enchía a boca dicindo que era necesario fomentar a actividade comercial, e agora a Xunta de Galicia a da por boa.

Finalmente, ao ser un acordo marco e non tendo máis que discutir ao respecto, di que o seu

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5ZPRWFVWZZ5RCC637J6DRS297 | Corrección: https://aeestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 19





grupo votará a favor desta proposta.

Toma a palabra a voceira do grupo político municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, manifestando que votará a favor desta proposta, porque estamos a falar dun sector moi afectando pola pandemia, pero considera que estas axudas son insuficientes e chegan tarde. Así mesmo, alégrase do cambio de postura do grupo de goberno municipal. Di que dende o Concello se podería facer algo máis para axudar ao sector da hostalería, como, por exemplo, estudar a eliminación temporal das taxas de recollida de lixo e subministro de auga.

**Dña. Susana Camba Castro**, voceira do grupo Mixto (BNG), intervén para dicir que considera acaída a liña de axudas, aínda que podería ser maior, pero neste momento todo o que se poida dar en benvido, porque o sector da hostalería foi o máis prexudicado polo COVID-19, pero non o único, por elo vai a votar a favor desta proposta.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** dando as grazas a todos os voceiros dos grupos da oposición polo se apoio a esta proposta, aínda que segue pensando que a administración local non é o órgano competente para resolver estes temas, senón que lle corresponde á administración xeral e á autonómica. En canto á alternativa que nos ofreceu a Xunta lle pareceu interesante, tratándose dun Convenio que se divide en dúas fases, por un lado a fase que supón a axuda que da a Xunta e que xa está practicamente ingresada a favor dos hostaleiros, e unha segunda fase que é a participación dos concellos nesa convocatoria mediante unha axuda asumida por estes últimos e a favor dos hostaleiros que as solicitaron e se lles concederon e tamén a favor dos que non resultaron beneficiarios; de feito na Estrada foron 103 os hostaleiros que solicitaron e 90 os que a recibiron, así que este Concello ten a posibilidade de facerlles chegar a axuda a todos por igual. Aclara que a cantidade que lle correspondente ao Concello pagar farase a través do Fondo de Cooperación Local.

Continúa dicindo que este Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e varios Concellos, lle parecía, no seu momento, unha boa proposta, sempre e cando vai coordinado co resto das administracións, porque non é competencia dos Concellos nin técnica nin xuridicamente. Quere destacar que o goberno central de momento nin está nin se lle espera en relación con este tipo de axudas, aínda que din que están a manexar algún tipo de axudas para os autónomos e as empresas.

Di o Sr. Alcalde que a sinatura deste Convenio supón unha liña de axudas que se suman as xa adoptadas por este grupo de goberno, porque sempre se foi da man co tecido produtivo, de feito o que o sector comercial da Estrada pediu no seu momento foron outro tipo de axudas indirectas, tales como o investimento de máis de 200.000 euros en campañas organizadas pola Asociación de Comerciantes e Asociación de Hostaleiros; e, este ano, tense programado investir outra cantidade igual para a realización durante o segundo semestre de eventos que poidan atraer clientes doutros municipios, ademais de todas aquelas campañas que se poidan facer de cara ao nadal, programas nos que se están a traballar da man das distintas asociacións. Tamén quere informar que estase a traballar co sector hostaleiro e comercial con motivo da Festa do Salmón para a realización de degustacións ou outras accións mentres non se poida celebrar con normalidade, ao igual que se fará coas Festas da Sidra e as Patronais, e, deste xeito, organizar campañas que permitan reactivar o noso sector comercial e hostaleiro. Polo manifestado, quere deixar constancia de que non estamos a tratar unha única axuda, senón que





vai dentro dun paquetes de medidas de cara a incentivar a nosa economía.

Pide a palabra o **Sr. López Bueno** para aclarar que o Estado non chega tarde, senón que este non ten competencias en comercio exterior, xa que estas están transferidas practicamente ás Comunidades Autónomas; sen embargo, naquelas cuestións onde si ten competencia o Estado acudiu inmediatamente cos préstamos ICO e co financiamento dos ERTES, polo que considera que estes apoios son máis importantes que aqueles que se lle deron ao tecido económico.

Ademais, quere comentar que o grupo de goberno, independentemente das distintas transferencias que se fixo ao comercio local para que puideran facer as súas campañas, non foi capaz de formular algunha proposta concreta, esperando que isto vaia cambiando co tempo e se reflecta nos vindeiros meses.

O **Sr. Alcalde**, considerando que non hai lugar a máis debates que só deixarían en evidencia os diferentes criterios dos grupos políticos presentes nesta sesión, sendo o máis importante o fondo do asunto que estamos a tratar, así que procede a someter o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 22/04/2021 en relación co asunto que se indica de seguido.

Visto o oficio remitido pola Dirección Xeral de Administración Local xunto co que se remite o borrador de Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello da Estrada, para a concesión de axudas ao sector da hostalería cuxos negocios se viron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da COVID-19.

Visto o borrador do Convenio antes indicado.

Visto o interese deste Concello na sinatura do indicado Convenio por resultar moi favorable á hostalería local ao supoñer unha axuda importante nestes intres da pandemia motivada pola COVID-19 que estamos a sofrer.

Visto que, segundo comunica a Xunta de Galicia mediante correo electrónico, 103 establecementos hostaleiros deste Concello realizaron a solicitude de axudas con cargo ao segundo Plan de Rescate da Xunta de Galicia.

Visto o informe de fiscalización previa asinado pola Sra. Interventora con data 15/04/2021.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2021-0452, de 19 de abril, polo que se manifesta a vontade deste Concello á adhesión ao Convenio de colaboración nomeado anteriormente.

Visto o Ditame acadado na Comisión Informativa de Promoción Económica e Turismo con data 28/04/2021.

Visto o debatido nesta sesión.

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Aprobar a formalización e sinatura do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade e o Concello da Estrada, para a concesión de axudas ao sector da hostalería cuxos negocios se viron afectados polos peches





regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da COVID-19.

**Segundo.-** Facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

**Terceiro.-** Aprobar a achega da contía total de 103.000,00 € para complementar as axudas da Orde do 22 de febreiro para o Programa I (Hostalería), co fin de que se destine ás solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e PEMES, calquera que sexa a súa forma xurídica e que pertencen ao sector da hostalería e que se vexan afectadas polo peche conforme á normativa ditada polas autoridades sanitarias e que teñan o seu enderezo no ámbito territorial deste concello.

**Cuarto.-** Aprobar que a achega será destinada a conceder axudas complementarias por importe de 1.000,00 € para cada un dos establecementos, ás solicitudes presentadas polas persoas ou entidades ao que se refire o apartado anterior e que teñan o seu enderezo no ámbito territorial do Concello da Estrada.

**Quinto.-** Aprobar que a achega realizarase mediante a detracción, por parte da Xunta de Galicia, das súas transferencias do Fondo de Cooperación Local.

Antes de pasar á parte de Actividade Control o **Sr. Alcalde** pregunta se algún grupo político municipal quere presentar unha moción de urxencia.

Non habendo, séguese co desenvolvemento da orde do día:

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 5 E O 30 DE ABRIL DE 2021 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 5 e 30 de abril de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-0386 ao número 2021-0511 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Comeza coa quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para preguntar, en primeiro lugar, en que situación se atopa a tramitación

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





do Plan Integrado de Emprego a financiar con fondos municipais e que foi anunciado polo grupo de goberno fai meses.

Contesta o **Sr. Alcalde** que está en fase de elaboración (a Memoria xa está feita) e de aprobación dos recursos económicos, en principio vaise a financiar cunha parte de fondos propios e outra con fondos EDUSI.

O **Sr. López Bueno** di que fai mes e medio, aproximadamente, a Estrada Dixital celebrou unha xuntanza onde presentou varias alternativas para prestar o servizo de fibra óptica, a este respecto pregunta se ese plan vaise a levar a cabo finalmente ou está pendente de máis reunións, porque da última saíu sen ningunha conclusión.

O **Sr. Alcalde** lle explica que houbo varias reunións con respecto a este tema, sendo a idea levar a cabo unha importante transformación de xeito que o seu proxecto estrela (A Estrada sin fíos) se transforme nun operador no mercado das telecomunicacións, e, despois de tantas xuntanzas, vaise avanzando neste proxecto, xurdindo bastante interese por parte de operadoras de internet e, a raíz disto, estase a valorar facer unha extensión dunha rede propia a través dalgún proxecto que a día de hoxe temos en marcha, non podendo avanzar moito máis porque aínda está verde, pero consistiría na posibilidade de aproveitar o proxecto de cambio de eficiencia enerxética no rural para vincular con outro proxecto e establecer unha rede propia e dar un servizo de telefonía ou internet directamente á maior parte do territorio do noso rural.

A parte da anterior alternativa, hai outras consistentes en operadoras brancas para estender a fibra a onde no chegan as grandes compañías; a este respecto se está a traballar e valorar. En xeral ve boas expectativas de cara ao futuro.

O **Sr. López Bueno**, en relación coa Ordenanza de limpeza forestais, traslada as queixas veciñais sobre cortas que se están a facer en zonas que non son do noso concello, pero que si utilizaron viais municipais, o que lle leva a preguntar como se están tramitando os expedientes de corta, se se está a cumprir o establecido na nomeada ordenanza e se estas actuacións están cubertas por algún seguro de responsabilidade civil, ademais de querer saber se se está a facer algunha labor de vixilancia.

O **Sr. Alcalde** lle responde que detectáronse unha serie de cortas que non se comunicaron previamente ao Concello, o cal non tería maior complicación se contan cos permisos sectoriais pertinentes. Di que moitas veces o Concello decátase por chamadas de veciños que se queixan pola utilización de espazos para o depósito das árbores cortadas para a súa posterior recollida, tales como masas comúns, camiños municipais e parcelas privadas, e polo mal estado en que quedan despois da súa utilización indebida; ante isto inténtase, a través da Policía Local, localizar á empresa responsable co fin de esixirse a reposición do vial danado ou ben devolver as fincas utilizadas ao seu estado orixinal.

Continúa recoñecendo que poderíase ter unha dinámica máis eficaz, pero a falta de persoal no departamento do Rural dificulta a capacidade de facer este tipo de seguimentos e, como consecuencia, as empresas entran nos montes e fan as cortas





sen comunicalo previamente ao Concello, pero reitera que se está facendo o posible coa axuda da Policía Local para facer un seguimento e tratar que as empresas responsables subsanen os danos causados e, en caso de non responder a este requirimento, procederase á tramitación da sanción que corresponda. Tamén aclara que se está a valorar poñer en práctica o disposto na respectiva ordenanza en relación ao ingreso de avais previos ao comezo da corta e así evitar que se deixen as pistas forestais en estados lamentables.

O **Sr. López Bueno** di que discrepa co tema da constitución de avais, porque este depósito faríase unha vez a empresa fixera a solicitude de corta, pero como non se están facendo ditas solicitudes previas entón non hai lugar ao depósito do aval. Polo dito considera que sería necesario revisar a Ordenanza e o procedemento sancionador, ademais de pedir que se cubran cantos antes as prazas vacantes no departamento do Rural e se proceda á tramitación axeitada destes expedientes. Noutro orde de cousas e en relación coa recollida de plásticos no casco urbano, di que os veciños trasladan que os contedores están máis cheos cando os veñen a recoller, polo que pregunta se existe algún cambio ou ben é unha situación puntual

Responde o **Sr. Alcalde** que non lle consta nada, aínda que tamén ten a mesma percepción, é dicir que a maior parte dos contedores de plástico están desbordados, polo que se lle trasladará á empresa que ten a concesión para que mellore o servizo de recollida

Sobre o mantemento dos Xardíns Municipais, o **Sr. López Bueno** di que é necesario repoñer ou arranxar varios elementos, tales como bancos, puntos de luz, algún xogo infantil, etc., polo que prega que se faga unha revisión e posterior reposición e arranxo dos elementos deteriorados dos Xardíns Municipais.

Continúa dicindo que é de todos sabedor que o goberno municipal leva certo atraso nos proxectos de asfaltado e arranxo de camiños no rural, pero lle preocupa especialmente varios deles e que son moi transitados, tales como:

- Pista que vai de Barbude a Moreira
- Pista que vai de Moreira ao Sol e que pasa por Calobre, que aínda que estea fóra dos planes de asfaltado, deberíase arranxar temporalmente.

A raíz do fin do Estado de Alarma e das medidas provisionais anunciadas hoxe pola Xunta de Galicia, insta ao grupo de goberno para que, en ausencia das patrullas de policía local nas quendas de noite, se coordine coa Subdelegación do Goberno co gallo de ter garantida a vixilancia nocturna na nosa vila.

En relación coa Relación de Postos de Traballo, di que enviouse por parte do Concello un escrito nese procedemento de execución onde se referían de forma "torticeira" a que era imposible acometer a execución da sentenza nun prazo breve por mor de que os grupos da oposición solicitaran un informe á Sra. Secretaria e, mentres este non se emitía, non se podía levar o expediente ao Pleno, considerando que esta manifestación é falsa, porque na sesión da Comisión Informativa á que se levou a aprobación inicial da RPT ditaminouse favorablemente pola insistencia do grupo de goberno, polo que dito ditame estaba listo para traer a esta sesión plenaria. De todos os xeitos, o informe xa foi emitido, polo que pregunta cando se levará ao Pleno a aprobación inicial da RPT, pedindo que se lle facilite un calendario, o máis preciso posible.

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Responde o **Sr. Alcalde** a todo o anterior, así, en relación ao mantemento dos Xardíns Municipais, informa que a empresa que fixo a obra xa ten a reposición de todas a luminarias deterioradas do alumado, en canto aos outros problemas que afectan ao mobiliario, di que as brigadas municipais están a traballar no seu arranxo, ademais lles pedirá a ditos traballadores que estean máis atentos a estas cuestións.

No que se refire aos viais do rural, aclara que o Concello non ten ningún atraso nos proxectos de asfaltados dos mesmos, senón que o atraso provén da Deputación Provincial, que non acaba de resolvelos, informa que esta semana recibíuse a resolución do plan de asfaltado do rural correspondente ao Plan Concellos 2021, o resto dos proxectos están xa adxudicados e executados, polo tanto non hai ningún atraso neste tema; por outra banda, se está á espera de que a Deputación resolva outros proxectos enviados no mes de marzo vinculados ao Plan Concellos 2021. Tamén di que a parte destes proxectos, hai outro vinculado ao Plan Camiños de cento cincuenta mil euros e outro a punto de pechar por importe de un millón de euros para asfaltados do rural e a financiar con remanentes de Tesourería.

En canto ao fin do Estado de Alarma, aclara que sempre houbo unha coordinación correcta coa Garda Civil e todos os servizos están cuberto, podendo ser que sexa necesario algún reforzo na mobilidade nocturna, o que se lle trasladará aos corpos de seguridade para que estean atentos e así poder levar este fin do Estado de Alarma da mellor maneira posible.

En relación á RPT, di que había unha previsión para someter a esta sesión a súa aprobación inicial, non podendo ser así por causa da elaboración dese informe pola Secretaría a petición dos grupos da oposición, o a cal xa foi emitido, sendo a idea convocar a Mesa de Negociación e aos Sindicatos para comunicar a estratexia definitiva e proceder a informar ao Xulgado a execución da Sentenza, así que posiblemente tamén se convocará unha Comisión Informativa e un Pleno extraordinario. A razón pola que tamén non se trouxo a esa sesión é que non entraba dentro dos prazos de convocatoria ordinaria e tería que haberse convocado unha sesión extraordinaria e urxente e que non sería correcto.

O **Sr. López Bueno** di que o informe emitido pola Sra. Secretaria confirma os procedementos que figuran no outro informe elaborado pola anterior Secretaria, polo que non entende o por que se ten que convocar unha nova Mesa de Negociación se xa estaba ditaminado para subir ao Pleno, ademais de por que se ten que convocar outra Comisión Informativa, polo que pregunta se se están barallando máis cambios dos que había.

Responde o **Sr. Alcalde** que xa o entenderá cando se lle explique na próxima Comisión e xa se teña claro o camiño, por suposto que se lle dará cumprida información e resposta ás súas dúbidas.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen di que parece ser que este verán se poderán desfrutar de dez rutas de sendeirismo no noso concello, algo que a alegra moito, pero cre conveniente facer unha previsión para os seus mantementos e non ocorra o mesmo coas actualmente en uso e que se atopan en mal estado e que os veciños e veciñas





teñen que preocuparse pola súa limpeza; o mesmo ocorre co noso patrimonio cultural, que necesita de protección, como por exemplo a ponte romana de Liñares e outra, por onde pasan dúas rutas de sendeirismo e dan un servizo aos veciños e veciñas, as cales necesitan dunha actuación urxente, polo que é necesario buscar a maneira de que con axuda de Patrimonio se poidan arranxar.

Tamén solicita arranxar a presa dos Neira, sita entre Parada e Codeseda, a cal é unha das máis importantes de Galicia e que soporta unha carga moi importante de auga e que actualmente está en perigo de derrube.

Prega que o semáforo sito na Avda Benito Vigo, fronte á cafetería O Paseo, sexa arranxado, xa que o botón dos peóns leva máis dun ano inservible.

Roga que se arranxe a existencia dun buraco considerable na pista que ven de Ouzande á rúa Manuel de la Calle (onde está a Moblería Arca), así como facer máis visible a sinal de “ceda o paso”.

Prega tamén que na Travesía de Peneda sexa arranxado o problema da existencia dunha sinal de “stop” a cal está tapada por un poste de alumado dificultando a súa visibilidade.

Finalmente, lle pasa a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Iván Sanmartín.

Toma a palabra o concelleiro do grupo municipal de MOVETE, **D. Iván Sanmartín Eirín**, para dicir que acaba de ser coñecedor dunha reunión celebrada entre a Directora Xeral de Planificación Enerxética e varios edís da nosa contorna, incluído o Alcalde deste Concello, para falar sobre os proxectos dos parques eólicos que se están a tramitar na zona, polo que pide que se lle informe sobre o tratado na dita xuntanza.

Lle responde o **Sr. Alcalde** que esta mañá foi convocado a unha reunión nas instalacións do INEGA para analizar a situación actual dos proxectos eólicos en xeral e, en particular, na nosa comarca; nesta reunión a Directora Xeral destacou que hai un incremento brutal deste tipo de proxectos nos últimos meses producido pola modificación dun Real Decreto que afectaba aos puntos de evacuación de enerxía e que establece unha caducidade ás autorizacións para a conexión á rede eléctrica; esta situación fixo que en Galicia se estean tramitando hoxe máis de 250 proxectos e A Estrada é un punto quente para estes, de feito están en trámite 13 ou 14 proxectos que afectan ao noso municipio pero tramitados por outros concellos da contorna, non constando que polo noso Concello se estea a tramitar ningún, ademais a súa tramitación é a través do Ministerio de Industria e non se rexen pola normativa básica de Galicia, polo que incumpren as normas sobre as áreas de desenvolvemento eólico e por tal motivo estanse informando desfavorablemente; pero a nós os que nos afectan están tramitados pola nosa comunidade autónoma, e dende ela se nos transmite que van a ser moi estritos na súa tramitación, sendo o máis importante a declaración de impacto medioambiental, non estando ningún dos proxectos nesa fase xa que se atopan na fase previa de estudo das súas viabilidades, polo que se algún deles afectan á Rede Natura entón automaticamente non se admiten a trámite e se afectan a patrimonio se emitirá o correspondente informe sectorial. Polo dito, di que estamos nun punto bastante incipiente e que a Xunta será moi estrita con eses proxectos en materia medioambiental, o que augura que moitos deles caerán incluso antes da súa tramitación, salvo aqueles que teñan a evacuación compartida e que dependen da

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5ZPRWFVWZZZ9RC637J6DRS297 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 19



tramitación polo Ministerio de Industria. Por outra banda hai que pensar que os montes onde se proxectan estes parques eólicos e que afectan ao noso concello son de propiedade privada, polo que nos chegan os veciños preocupados pedindo asesoramento porque as empresas empezan a aterrizar nas parroquias, moitas veces con maneiras pouco adecuadas, para premer á xente para que asinen os contratos, ante iso tívose unha reunión con asesores para que nos aconsellen á hora de presentar alegacións e asesoren á xente de cara a negociacións dos contratos de arrendamento dos terreos, deste xeito ter así unha oficina de atención ao cidadán neste sentido.

Continúa aclarando que a tramitación destes proxectos son moi lentos, actualmente algún deles lévase tramitando dende o ano 2014 sen que a día de hoxe teñan a declaración de impacto medioambiental para obter a licenza municipal, exemplo é un na zona de Liripio; considera, así mesmo, que entende que algún destes proxectos non chegarán a bo porto polos prazos que se marcan e por outro tipo de esixencias, así que a día de hoxe intentarase dar toda a información posibles aos veciños e buscar dende o Concello o asesoramento de persoas ou empresas que nos poidan axudar a nós e aos veciños nestes procedementos.

O **Sr. Iván Sanmartín** pide que a información que acaba de dar o Sr. Alcalde sexa achegada a todos os veciños afectados.

Pide intervir novamente o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, para dicir, en relación ao tema tratado, que considera importante, ademais da alegación que se fixo en conxunto ao proxecto eólico do Campo das Rosas, que se convoque unha reunión con todos os grupos políticos municipais para unificar criterios, porque o seu grupo tivo unha xuntanza con Martín Seco, Deputado de Industria e Enerxía do seu grupo parlamentario, quen lle adiantou que existen diferentes criterios de cada Concello, polo que sería necesario que todas as forzas que compoñen a nosa corporación establezan conxuntamente os criterios de actuación.

O **Sr. Alcalde** di que lle parece perfecto, percibindo que os nosos veciños ven como unha oportunidade a instalación destes proxectos eólicos porque afectan a zonas de montes con non teñen aproveitamento, ademais estes parques son inevitables cando se quere ir de cara á produción de enerxía renovable, pero outra cousa é que sexan proxectos que atropelen os intereses dos veciños e dos Concellos, algo que non se pode permitir. Di que a función do Concello é conceder a licenza municipal cando a empresa solicitante teña os informes sectoriais favorables, o informe favorable de impacto medioambiental, etc., onde se lles esixirá o pagamento de ICIO e outras cuestións que afectarían aos viais municipais, polo que dende a administración local se lle pode complicar o conseguir a licenza. Finalmente lle parece acaído que se faga esa reunión entre todos os grupos políticos municipais.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, quen, antes de comezar cos rogos e preguntas, manifesta o seu interese na celebración desa reunión da que se estaba a falar anteriormente, por parecerlle importante unificar criterios e de informar adecuadamente aos veciños afectados para que non se sintan desprotexidos e presionados a asinar contratos coas empresas sen un previo asesoramento. Di que a enerxía eólica é necesaria de cara







a transición ecolóxica, pero a cuestión é o como, o onde e o xeito que teñen as empresas de abordar á xente, sen que afecten ao noso patrimonio medioambiental e ecolóxico. Ademais é necesario cuestionarse cal vai a ser o beneficio da nosa veciñanza, porque non deixamos de ser un dos países coas facturas de enerxía máis caras, algo que haberá de abordar no seu momento.

Continúa coa súa intervención pra pregar que a pista que atravesa o núcleo de Torreboreda e que vai a dar á estrada de Codeseda sexa arranxada o antes posible, ante o mal estado no que se atopa.

Reitera o rogo dun veciño de Guimarei sobre a necesidade de ampliar a pista que vai por detrás do desgüace, porque despois dun recente arranxo quedou moi estreita dificultando a circulación de dous vehículos por ela.

O **Sr. Alcalde** informa que se está a mirar a posibilidade de facer nalgún tramo deste vial unha cuneta remontable ou canalización de tubo pechado e así gañar ancho nalgún tramo de dito camiño.

A **Sra. Camba Castro** di que lle quedou unha dúbida, cando se falou anteriormente da Estrada Dixital e de facer unha extensión cunha rede propia, sobre se esta cubriría as zonas brancas, é dicir se se van a aproveitar as compañías existentes ou ben se cubriría o servizo a lugares novos doutra maneira.

Responde o **Sr. Alcalde** que estamos a falar dun proxecto que está nunha fase incipiente, pero a idea non é competir coas compañías que están a dar servizo de fibra nalgunha das parroquias do rural, senón que é dar cobertura a zonas onde non chega a fibra óptica coa rede propia e que, nalgúns casos, podería coincidir con outra rede, favorecendo a competencia. Di que considera que este proxecto sería un negocio para a Estrada Dixital, existindo actualmente algunha proposta interesante para dar cobertura ao 100% do rural aproveitando a rede de alumado público municipal, proxecto moi interesante e que sería pioneiro en España.

A **Sra. Camba Castro** di que si ademais con ese proxecto se arranxa o problema da TDT en Codeseda, sería o mellor.

A este respecto o **Sr. Alcalde** lle informa que a semana pasada estiveron os técnicos da Dirección Xeral de Medios revisando a zona e xa se emitiu un informe onde se dan dúas alternativas, a primeira é cortar as árbores que dificultan a chegada da sinal, e, a segunda, é que nos localizaron unha ubicación temporal alternativa a 100 metros da localización actual, concretamente nunha zona de dominio público cunha torre de 12 metros de altura; estase actualmente valorando a contía económica que suporía a segunda opción e, en función diso, tomarase unha decisión.

Continúa a **Sra. Camba Castro** lembrando que na sesión plenaria pasada pregouse o arranxo do estado no que se atopa o exterior do Museo Reimóndez Portela e, a día de hoxe, atópase exactamente igual dando unha imaxe de abandono; polo que reitera o rogo que se proceda á limpeza do exterior deste Museo e que se proceda a comprobar o estado dos fondos atopados no interior deste edificio, porque hai elementos que non son propiedade municipal e que





necesitan dun bo recaudo e conservación tal como seguramente o esixen as persoas que os cederon.

O **Sr. Alcalde** di que, unha vez máis, lle trasladará ao Concelleiro delegado de Cultura esta petición. Informa que esta semana as brigadas de mantemento comezaron a traballar, supoñendo que pronto farán a limpeza exterior do Museo; en canto á visita ao seu interior pensa que pronto se poderá facer.

A **Sra. Camba Castro** fai referencia ao estado calamitoso no que se atopa a Torre de Guimarei, elemento arquitectónico contemplado no PXOM e ben de carácter patrimonial, e que o seu propietario non está a cumprir coa obriga do seu mantemento tal e como esixe a lei, por tal motivo pregunta se o Concello ten pensado requirirille a este que proceda aos traballos necesarios para o seu adecentamento de cara a súa conservación, a tal efecto procede a ler o disposto no artigo 32 da Lei de Patrimonio e que contempla o deber de conservación dos BIC, o cal tamén recolle sancións en caso de incumprimento, ademais de que esta lei establece a obrigatoriedade de establecer horarios de visitas, algo que tampouco se está a cumprir.

O **Sr. Alcalde** informa que lle foi trasladada ao propietario da Torre de Guimarei a preocupación que dende o Concello se ten en relación ao estado dese ben patrimonial, o cal lle dixo que estaban a valorar alternativas e propostas sobre este tema, sen embargo non volveu a ter máis información ao respecto. En canto ás visitas, considera que no estado no que se atopa actualmente a Torre non serían viables polo perigo existente. De todos os xeitos volverá a poñerse en contacto co dono para que tome as medidas oportunas e, en caso de que non actúen ao respecto, entón procederase a comunicalo ao organismo correspondente para que adopten as medidas oportunas mediante o procedemento que corresponda.

A **Sra. Camba Castro**, en relación coa corta recente de árbores en Matalobos, concretamente nunha finca a carón da estrada que vai ao Alto da Cruz - Toedo, informa que alí existen dúas mámoas catalogadas pola Xunta cos nomes de Rega 1 e Rega 2, algo do que é descoñecedor o propietario de dita parcela, por tal motivo a maquinaria pesada pasou por enriba delas e que se traduce nun atentado ao patrimonio. Polo dito, considera que habería que informar aos propietarios das fincas onde existan elementos patrimoniais deste tipo para que o saiban e actúen en consecuencia e co debido respecto e coidado, ademais de que o Concello sinalice estes elementos da forma máis axeitada e así tamén poña en valor o noso patrimonio arqueolóxico favorecendo o turismo do noso concello.

O **Sr. Alcalde** toma nota do dito pola voceira do grupo mixto, a parte de que descoñecía dese incidente, reiterando o problema de que as empresas que fan as cortas non comunican ao Concello eses traballos o que fai que o propietario sexa o responsable do cumprimento de todas as cuestións necesarias para proceder a esa acción; en todo caso revisarán esa incidencia e se procederá a dar cumprida información ao propietario da parcela.

Non habendo máis intervencións por parte dos grupos políticos que compoñen esta corporación e, dentro do disposto no Regulamento municipal de Participación





Cidadán, o **Sr. Alcalde** pregunta se alguén do público asistente a esta sesión quere formular algunha pregunta ou rogo.

Non habendo intervencións por parte do público asistente, levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas dous minutos do día do seu comezo.

---

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións. De todo o anterior faise cumprimento.*

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 5ZPRWFVWZZZ9RC637J6DRS297 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 19

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233